Año del Libertador General San Martín
Bós Aires 8 de Xaneiro de 1950.

CENTRO BETANZOS

México 1660 Buenos Aires

CASTELAO entrou na inmortalidade

O sábado 7 de Xaneiro as 11 da noite unha noticia encheo de door a tuda a coleitividade galega de Bós Aires.

No sanatorio do Centro Galego acabábase d-extinguir a vida do guieiro da galeguidade.

Víctima d-unha longa e treicionera enfermedá, Alfonso R. Castelao morría entre a ademiración, o cariño, o respeto i-as bágoas de todo galego ben nascido, e ainda d-aqueles que sin sere galegos ademiraban ó lider do movimento nazonal galego.

Tempo había que se esperaba o fatal desenlace. Aquiles que coñecíamos o seu estado de saude i-o longo e penoso proceso da sua enfermedá, sabíamos que non había remedio par-a sua doencia.

Pero aínda eisí aferrábamonos a unha romántica espranza, agardábamos aínda que fose un milagre, calisquera cousa, pois non podíamos conformarnos c-a realidade da sua morte a corto prazo.

Mais o destiño fireunos no mais celme do noso sentimento; a mais outa figura da Galiza contemporánea morreo na tristeira noite do 7 de Xaneiro, perdendo con elo Galiza ó mais esgrevio dos seus fillos i-o mais afervoado paladín das suas liberdades.

A noticia chegou a todol-os fogares, i-en tudos houbo a mesma eixpresión de door, de rebeldía, de tristura.

E que Castelao era unha figura de tudos ben querida.

Calisquera galego de calisquer tendencia, o quería i-o respetaba.

Il encarnaba a xenuina representación da nosa patria. Il era o guieiro máximo, o lider indiscutido das nosas aspiracións. Il foi por direito propio, ¡Galiza!, porque Castelao era Galiza e Galiza era Castelao.

Ben pronto o salón principal do Centro Galego, onde foi velado o insiñe fillo de Galiza, veuse totalmente cuberto de ofrendas froraes qu-en cantidades interminábels eran enviadas en homaxe o noso morto.

As entidades galegas, vascas, catalás, centros españoles, instituzóns culturales i-artísticas arxentinas, periódicos arxentinos, sociedades galegas de Rosario, Mendoza, a Plata, Río de Xaneiro, Montevideo, Nova York, Cuba, Chile e d-outros países, istaban presentes nas suas ofrendas froraes.

Chegaron cables do mundo enteiro adhiríndose o duelo.

As radios arxentinas trasmitían pesarosas a noticia. Todol-os periódicos de Bós Aires sin eixcepción adicaron n-as suas páxinas longas e sentidas eixpresiós de pesar, destacando a outa persoalidade do noso Castelao.

Pol-o Centro Galego desfilaron milleiros de persoas para darlle o último adeus a figura tan querida.

O médico amigo, irmán no patria i-na espranza que tanto loitou para aliviarlle a sua doenza —o Dr. Sánchez Guisande— tivo ó seu cárrego a penosa tarea de embalsamar o corpo de Castelao, para un día poder leval-o a decansar a Galiza.

Máns amigas; máns de patriotas galegos, depositaron terra da nosa patria dentro do ataúd, terra traída de Galiza, recollida por intelectuales galegos para Castelao, a que chegou a Bós Aires 4 días antes da sua morte, como si agardase que chegara isa reliquia para dormir o seu derradeiro sono.

O enterro foi algo impoñente, Castelao iba cuberto c-a bandeira de Galiza e le-



ENVOLTO NA BANDEIRA GALEGA, LEVADO A PULSO POR PRESIDENTES DE SOCIEDADES GALEGAS E FIGURAS DO GALEGUISMO EMIGRADO, CHEGAN OS RESTOS DE CASTELAO O CIMENTERIO DA CHACARITA

vado a pulso pol-os Presidentes das sociedades galegas.

Dentro e fora do Centro Galego había unha moitedume eixtraordinaria.

A rúa Belgrano istaba repleta de xente.

Momento de outa emoción foi aquil en que diante do Centro Orensano que lle daba a sua despedida a quen tanto traballou por Galiza dentro d-isa casa, máns de mulleres galegas i-arxentinas arroxaban frores, que mais que frores eran bágoas que se vertían pol-a perda do gran Castelao.

No cimenterio, frente o Panteón do Centro Galego apretuxábase Galiza enteira, representada nos emigrantes que lle rendían o derradeiro homaxe, antes de que n-ise Panteón, agora xa mais sagrado reposaran os seus restos, ate o intre en que sean levados a Galiza.

As emozoadas verbas de Alonso Ríos, Blanco Amor, Sánchez Guisande, dos representantes dos gobernos vasco e catalán e dos demáis oradores, dixeron da door da Galiza emigrada ante o derradero intre do homenaxe a querida figura do gran Castelao.

Todal-as entidades galegas adhiríronse o duelo non somentes c-a sua presencia i-as ofrendas froraes, senón tamén paralizando totalmente as suas aitividades.

O Centro Betanzos de quén Castelao era Presidente honoraio, e no que tantas veces o con tanto agarimo foi recibida a sua ilustre presencia, non podía istar alleo a isas manifestaciós coleitivas.

Coma integrante da Comisión inter-societaria de sociedades galegas, tomóu parte a nosa entidá na orgaizazón do enterro, xuntamente c-os Centros: Ourensán, Lucense, Pontevedrés, Coruñés, A.B.C. de Corcubión, Federación de Sociedades Galegas e Irmandade Galega.

Non fai falla siquiera eixpresar n-istas liñeas a door nin o sentimento do Centro Betanzos ante a morte da figura tan querida do noso Presidente Honorario o Dr. Alfonso R. Castelao.

Ate a sua compañeira de tantos anos, Dª Virxinia de Castelao, muller eixemprar, verdadeiro símbolo da muller galega, que con tanto sagrificio e con tanto cariño acompañou e cuidou sempre a Castelao, ate isa muller ademirábal, diña compañeira de tan outa persoalidade, cheguen as nosas mais sinceiras mostras de aprecio, de simpatía e de garimosa lembranza.

Qu-a door d-iste intre véxase superada e reconfortada c-as moitas demostraciós de aprecio que hoxe recibe isa muller eixemprar qu-e Da Virxinia de Castelao.

En reunión eixtraordinaria a C. D. do Centro Betanzos acordou a seguinte resolución de honores:

1º Poñerse de pé en homenaxe á suo memoria.

2º Suspender a reunión campestre de día 8 de corrente e paralizar as aitividades sociales por 5 días en señal de duelo.

3º Enviar ofrendas froraes no nome da entidá e dos conxuntos coral e de danzas, e faguerse presentes todol-os membros da C. D. no velatorio

A DOOR DA GALIZA EMIGRADA REFRESADA NO VELATORIO DE CASTELAO NO CENTRO GALEGO

dos seus restos e no aito do sepelio.

4º Enviar un telegrama de pésame a viuda de Castelao, e invitar aos socios a acompañar os restos do noso Presidente Honorario o Cimenterio da Chacarita.

OFRENDA A CASTELAO

¡Castelao! Maestro, amigo, irmán. Galiza está de loito porque tí, o mais enxebre, o que mellor representabas os seus anceios, o loitador esgrevio, o líder, o conductor das nosas espranzas, apagaches a tua voce para incorporarte a lista dos galegos inesquecíbels.

Densde hoxé istás na santa compaña do padre Feixoo, Murguia, Pondal, Brañas, Faraldo, Rosalia, Curros, Añón, Pardo de Cela, Bóveda e tantos outros que coma tí, fixeron a ofrenda das suas vidas par- a reinvidicazón da patria galega.

I eiquí quedamos os teus discípulos, amigos e irmáns. C-o curazón latexante da door da tua perda, pero c-o esprito do teu eixempro para seguir a loita por Galiza, anceiando qu- a nosa obra poida faguernos merescentes de qu- un dia cheguemos até o altar da groria onde hoxe tí istás por lexítimo direito, para decirche, ¡Castelao! maestro, amigo, irmán; eiquí istamos dimpois de haber cumprido c-a sagra herencia das tuas sabias insinanzas.

S- a reencarnazón da vida che permitira contemprar n-iste intre de door os afervoados e sentidos homaxes d-ista Galiza ideal -coma tí tan ben a chamaches- a sorrisa dos teus beizos presidiria a imponencia da meirande manifestación poboar qu- a Galiza emigrada adicou o mais predilecto dos seus fillos.

As bágoas da nosa door, istaban ahí, representadas nos milleiros de frores que cobrian o Centro Galego en muda pero eixpresiva garda de honor coma se quixeran levarte a terra nai para que n-ela froitificaran as tuas insinanzas.

As mais simbólicas, quizábes as bágoas mais representativas, eran isas que máns galegos verteron densde os balcós do Centro Ourensán, do teu querido Centro Ourensán, ate cobrir o teu féretro con isas bágoas convertidas en frores.

I eran as mais simbólicas, porque n-isa emozoada i- espontánea despedida que se che faguia densde o Orensano, istaba a lexítima e xenuina representazón de todal-as casas galegas, que no dia da liberdade, abrirán os seus balcós para alfombrar n-un interminábel regueiro de frores o camiño do teu retorno para descansar no monumento qu- en Galiza terá de faguerse, convirtíndose no santuario da nazonalidade galega, porque n-il istará o mais querido i-o mais representativo de todol-os nosos mortos.

Ben se dixo na despedida dos teus res-

tos C-a tua morte, irmán Castelao, doaches á Galiza emigrada unha bandeira i unha patria. A bandeira i-a patria que densde hoxe presidirá as nosas inquedanzas.

En cando no abrente d-un novo dia, Galiza poida sere Galiza, alí istaremos contigo o frente, para insinar ós nosos irmáns c-o esprito da bandeira e da patria que tí nos deixaches, a derradeira leicción do teu mañifico eixempro.

Nosoutros sabemos que tí non lle temias a morte e que tampouco temias a morrer fora de Galiza. Tí mesmo moitas veces nos lo dixeches. Eu quero ir a Galiza para vivir n-ela, pois para morrer calisquera terra e boa.

E tiña que sere eisí, posto qu- os homes coma tí, non lle poden ter medo a morte, posto que viven eternamente no curazón e na lembranza dos seus pobos. E coma che podia doer morrer lonxe de Galiza, se tudo en tí infundia presencia de patria, e onde ti te alcontrabas, alí se alcontraba Galiza.

Ainda foi onte cando a tua figura esgrevia presidia todal-as manifestaciós patrióticas n-ista Galiza ideal que latexaba o carón da tua presencia que para nos representaba a presencia mesma de Galiza.

I hoxe, ateridos c-a door da irreparábel perda, non temos azos mais que para conxurarnos a cumprir c-a sagra obriga que conquerimos diante do teu corpo inmorrente. Loitar, loitar sempre pol-a liberdade e diñificazón da nosa terra, para atemperar no posíbel o vacio grande que deixaches o pasar a inmortalidade.

Diada de loito par- a galeguidade. Data tristeira pra tudo o chán galego. As campás de Galiza, densde a Berenguela ate o último curruncho da mais esquecida aldea, teñen de tocar a duelo. Crespós negros en todal-as casas i-en todol-os curazós galegos. Galiza enteira de pé c-as bandeiras a media asta i-en respetuoso silenzo.

¡Morreu Castelao! ¡Galiza chora a perda do meirande entre os meirandes dos seus fillos!

Aquela bandeira da nosa patria que con tanto amor e devoción che entregamos para que tremolara na Galiza ceibe, hoxe e xa unha reliquia sagrada. Ila cobreu o teu corpo n-un sentido homaxe da patria.

E se o destiño non quixo qu- en vida poideras leval-a a cumprir a misión encomendada, contigo irmán Castelao haberá de voltar a Galiza cando sexa o intre de qu- o teu corpo descanse na terra santa da nosa patria.

Ate entón, maestro, amigo, irmán. A seguir a loita; tí densde o Alén guiando c-o teu esprito os nosos aitos, e nosoutros cara a Galiza, coma hoxe, onte, mañán e sempre.

Irmán Castelao: Descansa en paz.

A. Suárez do Pazo.

9/1/50.



NA MEIRANDE MANIFESTACION CIVICA DA GALEGUIDADE, DESPIDENSE OS RESTOS DO GRAN CASTELAO ANTES DE SER DEPOSITADOS NO PANTEON DO CENTRO GALEGO